



Os Deuses
do Olimpo

ZEUS

É o deus de todos os deuses e dos homes na Terra.

Sempre leva consigo un cetro, un raio e un aguia.

Repartiu o universo cos seus irmáns Poseidón e Hades.

Era moi forte e para atacar aos seus inimigos lanzáballe poderosos raios e lóstregos. Cando se enfadaba era capaz de provocar fortes tormentas e inundacións.

Tivo moitos fillos con diferentes mulleres.

HERA

Era a irmá de Zeus e tamén a súa muller. Foi a máis importante das deusas do Olimpo. Tiña moitos celos das múltiples aventuras amorosas de Zeus.

Sempre leva posta unha coroa de raíña, o cetro e moitas veces vai acompañada dun pavo real.

É a deusa que protexe ao matrimonio e aos partos.

POSEIDÓN

É irmán de Zeus e deus das augas: mar, ríos e lagos.

Todos os animais das augas obedécenlle. Só Zeus ten máis poder ca el.

Sempre vai armado cun tridente que simboliza o seu poder.

HADES

É outro dos irmáns de Zeus. É o deus do inframundo, do inferno e dos mortos.

Sempre vai de negro e vai acompañado dun can Cerbero que ten tres cabezas e que defende os seus dominios.

ATENEA

É a deusa da sabedoría, das artes e da ciencia. Sempre vai vestida cunha armadura aínda que non lle gusta pelexar. Cando pelexa sempre gaña. As veces Zeus deixáballe empregar os seus raios e escudo.

ARES

É fillo de Zeus e deus da guerra.

Sempre pelexa cunha armadura de bronce e unha lanza.

HERMES

É fillo de Zeus e dunha ninfa.

É o mensaxeiro dos deuses e leva os mortos ata o inferno.

Sempre leva un casco metálico e unhas sandalias con ás.
Asemade, porta un bastón con dúas serpes enroladas.

AFRODITA

É a desusa do amor e da beleza.

Naceu da espuma do mar e cando pisou a terra floreceron os campos e os árbores enchéronse de froitos.

Casouse co deus máis feo: Hefesto.

APOLO

É o deus do sol, da música e da poesía. Tamén é fillo de Zeus.

Sempre leva consigo a súa arpa.

É o deus máis fermoso e o mellor dos músicos.

ARTEMISA

É a deusa dos bosques e da caza. É filla de Zeus e irmá de Apolo.

Protexe a natureza e sobre todo aos animais cachorros.

Vai sempre acompañada do seu arco e de cans de caza.

DIONISO

É o deus do viño e das festas. Tamén é fillo de Zeus.

Sempre leva un acio de viño na fronte e unha copa de viño na man.

HEFESTO

É o deus do lume e dos metais. Fai as armas dos deuses e dos heroes.

Cando naceu era moi feo. Pelexou con Zeus e quedou coxo. Casou coa deusa máis fermosa.

EROS

É o deus do amor.

Ten ás e sempre leva un arco de prata co que lanza frechas aos deuses e homes para que se namoren.

